

PRECIPITACIÓN DE CaCO_3

Material e reactivos

Balanza analítica	Espátula
Funil Büchner	Trompa de baleiro
Vasos de precipitados (2)	Base soporte
Báscula	Probeta
Vidro de reloxo	Estufa
Matraz Kitasato	

Reactivos

CaCl_2 , sólido
 Na_2CO_3 , sólido
 AgNO_3

Procedemento

Mídense coa probeta uns 25 mL de auga destilada e vértense nun vaso de precipitados. Pésanse *exactamente*, ó redor de 2 g de CaCl_2 e vértense no vaso. Pode quentarse suavemente para facilita-la disolución.

Noutro vaso bótanse tamén uns 25 mL de auga e engádenselle, aproximadamente, uns 3 g de Na_2CO_3 previamente pesados.

Quentar suavemente ata disolver.

Engádesse a disolución de Na_2CO_3 sobre a de CaCl_2 e aparecerá un precipitado de CaCO_3 .

Enfrea-las paredes do vaso de precipitados co chorro de auga da billa para axudar á precipitación.

Prepárase o funil Büchner e o matraz Kitasato acoplados á trompa de baleiro. Péasase un papel de filtro, anótase o seu peso e colócase no funil Büchner.

Unha vez fría a disolución, fíltrase a baleiro para separa-lo precipitado de CaCO_3 , que quedará sobre o papel de filtro.

Lávase varias veces o precipitado con auga destilada e engádellese periodicamente mostras do líquido que gotea no funil Büchner ata que non se observe turbidez ó adicionar unhas gotas de AgNO_3 .

Recóllese o precipitado formado, co papel de filtro, e colócase nun vidro de reloxo, previamente pesado.

Deixase secar ó aire, ou mellor, nunha estufa, a 100 °C, e, unha vez seco, pásase ó desecador ata que alcance a temperatura ambiente, pesase (co papel) e calcúlanse os gramos obtidos do precipitado..

CUESTIÓNS RELACIONADAS COA PRÁCTICA

Escribir a reacción que tivo lugar.

Calcular o rendemento na substancia precipitada na práctica.

Por que é necesario lavar repetidas veces o precipitado de CaCO_3 ?

Que finalidade teñen as comprobacións con AgNO_3 ?

Se quixera disolver o precipitado, como o faría?, e si se tratase dun precipitado de AgCl ?

Explíquese escribindo as ecuacións químicas correspondentes.